



CONCELLO DE NARON

Reunidos na Casa do Concello, o día 29 de decembro de 2016, ás 11,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Axuda no Fogar"

A Mesa esta formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; Dna. M. Angeles Manteiga Fulgueira (Secretaria subtituta da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); D. Yolanda Martínez García; Dna. Catalina García Blanco (concelleira delegada de acción social) e D. André Abeledo Fernández (Grupo Mixto Municipal), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Antes de proceder a abrir, en reunión posterior e en acto público, os sobres "2", correspondentes a oferta técnica, procédese ao exame das emendas da documentación administrativa presentada pola empresa EULEN S.A. e a Fundación FEPAS, mercantís que foron requiridas para ilo, ao detectarse erros na mesma.

A empresa Eulen Servicios Sociosanitarios S.A., remitiu en prazo certificación de depósito das contas anuais expedido polo Rexistro Mercantil de Madrid. Aceptándose a emenda e por tanto a súa continuación no procedemento de licitación.

A Fundación para o estudo e a Promoción da Acción Social (Fepas), presenta a seguinte documentación:

- Solicitud de certificado de inscrición de contas anuais ao Ministerio de Xustiza
- Xustificante de rexistro da solicitud anterior.
- Autorización de Fepas a este Concello para solicitar tanta información estime oportuna ao Rexistro de Fundacións.
- Oficio de remisión, por parte da Subdirección Xeral do Protectorado de Fundacións, das contas anuais de Fepas ao Rexistro de Fundacións.

A Mesa a vista do establecido no Anexo II do PCAP, onde se fixan os medios de acreditación da solvencia económica e financeira, mediante a "presentación das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no devandito rexistro, **en**



CONCELLO DE NARON

caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que se deba estar inscrito"

Non se presenta nin certificado nin informe que avalíe a presentación das contas no Rexistro de Fundacións, só unha mera solicitude de certificado a este rexistro. Documentación manifestamente insuficiente, a criterio da Mesa, para acreditarla solvencia económico-financeira esixida, motivo polo que a afasta deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.